

9. Medidas de atención á diversidade.

Seguindo o estipulado no *DECRETO 229/2011, de 7 de diciembre*, con respecto ás MAD (Medidas de Atención á Diversidade), o departamento traballa na súa adecuación ao entorno e ao alumnado utilizar metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, leva adiante unha aprendizaxe por proxectos e traballa na procura da aplicación de tempos, instrumentos e procedementos de avaliación que promovan a inclusión.

Así, segue as indicaciónse pautas proporcionadas polo equipo de Orientación que nos asesora tanto para montar os equipo de traballo colaborativo en coordinación con Dirección e os titores dos grupos coma para a abordaxe de casos de alumnado con TDAH, Asperger ou dislexia.

Do mesmo xeito, tómanse accións para todo o alumnado como resposta educativa á diversidade priorizando as de carácter ordinario e normalizador. Xa que as de carácter extraordinario só se levarán a cabo una vez agotadas as anteriores; tendo en conta isto, o feito de que o alumnado de 2ºLE que necesite MADs concretas que non impliquen unha exención da materia, fai que os grupos sexan máis homoxéneos en canto á súas capacidades. Nesa normalización da atención á diversidade está enmarcado o desenvolvemento de desdobres de grupos a partires de máis de 22 alumnos para favorecer a atención máis individualizada e responder ás dificultades e necesidades específicas que presente o alumnado de 2ºLE que sí cursasen a materia artellando accións de carácter compensatorio coa finalidade de adecuarnos as características, necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses, situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

A implementación dunha metodoloxía de tipo cooperativo por parte do departamento de Francés obedece a unha preocupación por atender axeitadamente à diversidade de alumnado que integra os distintos cursos. Estes alumnos constituirán grupos heteroxéneos de traballo, configurados de forma consensuada polo profesorado lles que imparte clases seguindo unha metodoloxía de aprendizaxe cooperativa, onde os integrantes de distintos niveis colaborarán uns con outros, axudándose mutuamente.

Durante o presente curso escolar 2019-20, efectuaranse **Desdobres** nos dous grupos de 3º ESO, favorecendo así a participación dos alumnos nas actividades (sobre todo orais) e a observación e detección de dificultades por parte do profesor e propiciando mellores condicións para actuar sobre elas. Non habendo

Desdobres en 1º nin 2º de ESO debido a que o alumnado non supera a ratio necesaria.

En última instancia, para aquel alumnado que non puidera atinxir o grao mínimo de consecución dos estándares o departamento propondrá o **programa de recuperación desenvolto no apartado anterior**.